

**CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE FUNDACIÓN
CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA
REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formaliza coa **UNIVERSIDADE DE VIGO** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura e terá unha duración de 4 anos. Non obstante, antes do remate do prazo previsto se as circunstancias o fan aconsellable, as partes por unanimidade poderán acordar a súa prórroga polo período estritamente necesario e sempre dentro do límite máximo de ata catro anos adicional establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular un programa de prácticas académicas externas entre a Universidade de Vigo e Fundación Cidade da Cultura de Galicia para facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudiantado en áreas operativas da empresa relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade de Vigo. Así, promoverase o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral das futuras persoas tituladas universitarias

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:



Facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario nas áreas operativas das empresas e a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

(asinado dixitalmente)

